

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

19596 *Real decreto 1595/2011, do 4 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

En virtude da competencia estatal recoñecida pola Constitución española para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, e co fin de garantir un ensino común de calidade impartido polo profesorado máis idóneo, establecéronse, mediante o Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, as especialidades docentes dos corpos de funcionarios que teñen ao seu cargo as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Tendo introducido cambios o mencionado real decreto con respecto á antiga denominación «Español para estranxeiros» co fin de dotar de maior coherencia as ensinanzas de todos os idiomas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola lei citada, este real decreto ten como finalidade adscribir á nova especialidade de «Español» aqueles funcionarios dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas da especialidade «Español para estranxeiros» mencionada e da especialidade «Español lingua estranxeira», denominación recollida por erro no Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, e substituída posteriormente pola de «Español» no «Boletín Oficial del Estado» con data do 3 de setembro de 2010.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación e emitiu informe o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública. Así mesmo, conta co informe da Comisión Superior de Persoal e co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Engádesse unha disposición adicional única ao Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, co seguinte contido:

«Disposición adicional única.

Os funcionarios dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas da especialidade «Español para estranxeiros», adquirida antes da entrada en vigor do Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, e da especialidade «Español lingua estranxeira», adquirida conforme o Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, publicado no «Boletín Oficial del Estado» núm. 86, do 9 de abril de 2010, quedan adscritos á

especialidade «Español» incorporada ao anexo do Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, en substitución da anterior, mediante rectificación de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» núm. 214, do 3 de setembro de 2010.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL